



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OUTES

Acordo do Pleno do Concello de Outes de data 17 de xullo de 2024 pola que se aproba o Acordo regulador do prezo público de espectáculos organizados polo Concello de Outes

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2024, acordou a aprobación do Acordo regulador do prezo público de espectáculos organizados polo Concello de Outes, o que se fai público a efectos do seu xeral coñecemento:

“Artigo Nº1. Fundamento e natureza

Consonte os artigos 41 a 47 e 127 da Lei reguladora de facendas locais (texto refundido aprobado polo Rdl 2/2004, do 5 de marzo –en diante, LRFL), este Concello establece o prezo público de espectáculos organizados polo concello de Outes.

Artigo Nº2. Concepto

O prezo público constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os cidadáns que reserven entrada nos espectáculos organizados polo concello de Outes nos que a xunta de goberno local fixe prezo.

Artigo Nº3. Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago do prezo público as persoas físicas ou xurídicas (entidades, clubs, federacións, etc.) que adquieran entrada para os espectáculos que contén cun prezo fixado nos parámetros indicados neste acordo.

Artigo Nº4. Importe dos prezos públicos

A xunta de goberno local poderá establecer unha relación de prezos públicos previo o anuncio público dos espectáculos que serán suxeito de tarifa.

1. O prezo estándar para a adquisición dunha entrada para un espectáculo será de 3€ en caso de non ser declarada de acceso libre.
2. Dito prezo poderá variar en base ao custo económico que teña que asumir o concello:

Caché da compañía	Prezo da entrada
Entre 800 € e 1.500 €	3€
Entre 1.501€ e 2.350 €	4€
Entre 2.351 € e 3.500 €	5€
Entre 3.501 € e 4.900 €	6€
Máis de 4.900 €	7€

3. Co obxectivo de facilitar o acceso á cultura ás familias ou grupos de idade máis vulnerábeis, establécense as seguintes bonificacións:
4. Desconto de 1,5€ ás persoas con carné xove, maiores de 65 anos, menores de 12 anos en obras infantís e persoas en situación de paro. Este desconto só será aplicable unitariamente, non se poderá aplicar a bonos.
5. De xeito puntual, e atendendo ao custo extraordinario dalgún dos espectáculos nos que o Concello asuma a totalidade ou a maior parte dos gastos que se derivan dos mesmos, a outros acordos que o Concello de Outes poida establecer con outras entidades ou cos propios grupos ou compañías co obxectivo mellorar a oferta cultural ou de lecer, ou a outras cuestións derivadas do programa no que se integra a programación, poderá acordarse na Xunta de Goberno Local un prezo distinto ao establecido de maneira xeral.
6. Unha vez realizado o pago o importe non será reembolsable agás no caso de cancelación por forza maior. En caso de adiamento do espectáculo, o titular da entrada poderá cederlla a un terceiro.

7. Nos espectáculos contratados polo Concello de Outes no marco das programacións realizadas en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios, e de acordo coas normas establecidas pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), (organismo dependente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do que depende a Rede Galega de Teatros e Auditorios), e na Resolución do 28 de febreiro de 2011 da AGADIC, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios (DOG do 8 de abril de 2011), fíxanse uns prezos de entrada mínimos en función de distintos intervalos do caché do grupo contratado, posibilitase o seu incremento ou o establecemento de descontos para determinados colectivos ou de abonos para ciclos de programación. Atendendo a isto, establécense os seguintes prezos xerais para os espectáculos que programe o Concello de Outes no marco da programación da RGTA:

Caché da compañía	Prezo da entrada
Entre 750 € e 2.500 €	5 €
Entre 2.501 € e 5.000 €	7 €
Superior a 5.000 €	9 €

Artigo N°5. Dos puntos de venda

A adquisición das entradas poderá facerse de xeito presencial, efectuando un pago a través de TPV na Casa da Cultura ou de xeito telemático a través dun sistema electrónico de reserva e pago. En calquera dos dous casos, os prezos serán independentes das diferentes cotas ou gastos de xestión que poidan aplicar terceiros.

Artigo N°6. Dos bonos teatro

Co obxectivo de fidelizar ao público e de facilitar a reserva á cidadanía, a xunta de goberno local poderá establecer un bono para asistir a un número determinado de espectáculos enmarcados no “Outono Teatral” por un prezo reducido que non descenda máis do 40% do prezo total.

Artigo N°7. Das posibles exencións ou bonificacións

A área de servizos sociais do concello poderá redactar un informe aplicando unha bonificación ou exención a aquelas persoas que, por estaren en situación de exclusión social ou no limiar da pobreza, lles supoña un gasto inasumible o pago da entrada.

Artigo N°8. Da modificación de tarifas

O órgano competente para a modificación, creación ou supresión das diferentes tarifas presentes nesta ordenanza será a Xunta de Goberno local ou, en caso de urxencia, a alcaldía mediante decreto. No caso de querer modificar algún outro aspecto desta normativa terá que ser sometido a votación na corporación municipal.”

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio.

Outes, 18 de xullo de 2024
O alcalde,
Manuel González López

2024/5218